Foro económico de Galicia

PREVISIÓNS DE CRECEMENTO PARA A ECONOMÍA GALEGA

PIB DE GALICIA ANO 2021

SANTIAGO LAGO PEÑAS
JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA
JOSÉ MARÍA DA ROCHA ÁLVAREZ
FERNANDO GONZÁLEZ LAXE
PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

www.foroeconomicodegalicia.es

PREVISIÓNS DE CRECEMENTO PARA A ECONOMÍA GALEGA

Equipo de traballo

Santiago Lago Peñas
José Francisco Armesto Pina
José María Da Rocha Álvarez
Fernando González Laxe
Patricio Sánchez Fernández

Contacto

Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo
Universidade de Vigo
Campus Universitario
32004 OURENSE
Email: info@foroeconomicodegalicia.es
Tfno: 988 36 87 25 - Fax: 988 36 87 59

ÍNDICE

RESUMO EXECUTIVO

1. PREVISIÓNS DE CRECEMENTO DO PIB
2. PREVISIÓNS ECONÓMICAS PARA GALICIA 2021
3. REFERENCIAS

O documento de Previsións de crecemento para a economía galega elaborado polo Foro Económico de Galicia muda a súa tradicional estrutura para se adaptar ao novo contexto económico ocasionado pola pandemia do COVID-19. Nesta quinta edición do documento comézase cunha revisión das previsións realizadas por outras institucións facendo fincapé na estimación más recente para o presente ano. A continuación, preséntanse as propias estimacións e escenarios no curto prazo do Foro que poden ser entendidas como extensión das xa elaboradas para 2020 con notable grao de acerto.

ISSN 2697-1151
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Febreiro 2021

Resumo executivo

Esta edición do documento de Previsións de crecemento da economía galega para 2021 do Foro Económico de Galicia comprende dúas partes diferenciadas. Na primeira, centrámonos no acontecido en 2020; e na segunda presentamos as diversas previsións das dispoñibles para 2021 e a nosa propia análise de prospectiva de posibles escenarios. Para esta análise optamos pola aplicación dun modelo de equilibrio xeral dinámico que simula o comportamento dinámico de agregados macroeconómicos e que permite incorporar os efectos dun choque externo que afecta a algunhas das variables do modelo como a pandemia que estamos a vivir.

En concreto, a nosa referencia é o modelo de crecemento neoclásico de Kehoe e Prescott (2007), que nos permite calcular a resposta do PIB, o investimento, o consumo e as horas traballadas á perturbación externa producida.

Os escenarios prospectivos do Foro para o ano 2021 contemplan dúas opcións centrais que sitúan a evolución máis optimista nun crecemento do +8,8% e a máis pesimista no +4,8%. Asemade, como xa se fixera nas previsións elaboradas para 2020, compleméntase estas previsións contemplando posibilidades adicionais. Nomeadamente, no caso de que fora preciso realizar un novo confinamento semellante ao dos meses de marzo e abril de 2020, sofreriamos unha caída anual do -1,5%.

Nas cifras anteriores non aparece recollido o impacto positivo dos Fondos *NextGenerationEU* polas incertezas que existen aínda sobre os proxectos tractores que serán apoiados e a súa ubicacion xeográfica, e tamén pola celeridade na execución. Supoñendo que o impacto en Galicia sexa homoxéneo respecto ao que o Banco de España ten cuantificado para a economía española, as cifras anteriores se elevarían, respectivamnente, ata +10,1% e +5,4%.

I- PREVISIÓNS DE CRECEMENTO DO PIB

O Produto Interior Bruto (PIB) constitúe o principal indicador macroeconómico para medir a riqueza xerada nun territorio. Tamén coñecido como renda nacional, abrangue a produción total de bens e servizos do devandito territorio durante un determinado período de tempo, expresada en termos monetarios.

Dende a súa creación por Simon Kuznets nos anos trinta, ten servido para medir o éxito ou fracaso económico dos países. Isto é así, pese ás limitacións inherentes ao mesmo pola súa construción máis tamén polas dificultades empíricas de comparar niveis de renda a escala interterritorial. En todo caso, non existe hoxe, un indicador alternativo tan amplamente estendido e aceptado. Máis aínda, os esforzos recentes van na procura de medidas que permitan complementalo e non substituílo, como fai a Unión Europea co Índice de Progreso Social ou as Nacións Unidas co Índice de Desenvolvemento Social[1].

As previsións económicas sobre a evolución do PIB dun territorio adquiren un papel cada vez máis importante nas decisións futuras das empresas. De aí, a necesidade de contar con previsións o máis certeiras posibles. O número de institucións, tanto públicas como privadas, que estiman a evolución do crecemento do PIB a nivel autonómico é inferior que a nivel do conxunto do Estado.

1.1. Previsións de crecemento do PIB para a economía galega

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, a Figura 1 amosa que son seis as institucións que publican periodicamente as súas previsións de crecemento da economía galega. En concreto:

- Instituto Galego de Estatística (IGE),
- Fundación de las Cajas de Ahorros (Funcas),
- Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF)
- BBVA
- Hispalink
- Centro de Predicción Económica (Ceprede)

As tres primeiras (IGE, Funcas e AIReF) realizan análises de previsión da evolución da economía galega (ex-ante) dende o ano 2015 e Ceprede dende 2014. BBVA e Hispalink xa o facían con anterioridade, remontándose ao ano 2011 para o primeiro e á década dos noventa para o segundo. Atendendo á referencia temporal, é importante ter en conta que IGE, Funcas, BBVA Research e Hispalink fan predicións para o conxunto do ano, mentres que as estimacións da AIReF e Ceprede son para cada trimestre e mes, respectivamente. Hoxe desaparecidas, cómpre sinalar tamén como fontes o “Informe de conxuntura da economía galega” elabo-

1- Para un maior afondamento poden consultarse as seguintes referencias: Kubiszewski et al. (2013) e Sánchez e Prada (2015)

rado polo Centro de Investigación Económica y Financiera (CIEF-Fundación Caixagalicia) entre os anos 1995 e 2009, e a "Síntesis Económica de Galicia", publicada polo Instituto de Estudios Económicos de Galicia (Fundación Pedro Barrié de la Maza) entre 2004 e 2012.

O Instituto Galego de Estatística comezou a difusión das súas predicións de crecemento da economía galega en xullo de 2015, presentando as taxas de crecemento cun horizonte bienal. Cómpre salientar que as últimas previsións de cada ano son as que están recollidas no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano seguinte. No que atinxe á súa metodoloxía, baséase nun modelo de estimación de agregados macroeconómicos a curto prazo, nun marco coherente cos escenarios propostos para as economías española e internacional[2]. A medida que publica novas predicións de crecemento, corríxense as anteriores tendo en conta os novos datos.

As previsións do PIB para as CC.AA. de Funcas están baseadas nos "Indicadores Sintéticos de Actividad" elaborados pola citada institución e que constitúen un índice composto dun conxunto amplo de variables económicas de cada Comunidade. Estes indicadores son escollidos por Funcas entre aqueles que mellor reflicten a evolución do PIB de cada comunidade[3]. Posteriormente, son desestacionalizados e suavizados para así obter o ciclo-tendencia a partir do cal se calculan as taxas intermensuais que constitúen a base para a obtención do indicador sintético tipificado. Tamén se dispón de previsións a escala autonómica dende o ano 2015, cando no mes de xuño se proporcionaron unha previsión de crecemento da economía galega para ese mesmo ano e para o 2016.

A Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal publica previsións do PIB a nivel autonómico (METCAP), se ben neste caso son feitas con carácter trimestral fronte ao que acontece co resto de previsións. A publicación das mesmas realízanse unha vez que o Instituto Nacional de Estadística (INE) ten publicado o dato de avance do PIB para a economía española. Coa publicación das previsións de cada trimestre, a AIReF fai unha corrección dos cálculos dos trimestres anteriores.

Metodoloxicamente, a AIReF[4] combina tres tipos de información estatística: os datos mensuais de indicadores de conxuntura desagregados a territorialmente, os datos anuais compilados en termos de contabilidade nacional pola Contabilidade Rexional de España e, finalmente, as previsións para o conxunto nacional publicadas pola Contabilidade

2- Dispoñible en: http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/documentos_tecnicos_03.pdf

3- Nótese que estes indicadores non son os mesmos para cada Comunidade e, polo tanto, non o é o indicador sintético da mesma.

4- Nomeadamente, O primeiro paso consiste en realizar un axuste estacional e de calendario dos indicadores a través de representacións ARIMA univariantes que se fusionan nun índice sintético. Seguidamente dito índice é integrado coa información da Contabilidade Rexional para obter series de tempo consistentes anualmente.
Para finalizar, se procura a coherencia transversal entre as previsións sen perder a consistencia temporal da etapa anterior mediante o emprego de técnicas de desagregación temporal multivariante. Máis información pode atoparse en : http://www. airef.es/system/assets/archives/000/000/649/original/NOTA_EXPLICATIVA_sobre_modelo_de_CCAA__01062015. pdf?1433144876

Nacional Trimestral. Para a integración destas fontes de información, a AIReF deseñou un proceso econométrico en tres etapas. Asemade, esta institución publica con carácter anual uns informes sobre as previsións macroeconómicas recollidas nos diferentes proxectos de orzamentos das CC.AA. Nestes informes incorpórase ao final un anexo metodolóxico onde se especifica a información utilizada no se modelo predición, así como que para a integración das fonte estatísticas empregadas deseñou un procedemento en tres etapas.

O servizo de estudos BBVA Research, conta con previsións sobre o crecemento do PIB de Galicia para o último lustro. Ao igual que acontecía coa información de Funcas, a súa páxina web só presenta os principais resultados sen facer especificación detallada da metodoloxía empregada.

Pola súa banda, Hispalink presenta unha análise do PIB e dos seus compoñentes da oferta cun horizonte temporal de tres anos, para o ano en curso e os dous seguintes. Con carácter xeral os estudos da rede Hispalink publican previsións con periodicidade semestral (agás no 2015 cando presentou tres previsións)

Figura 1: Institucións que ofrecen previsións de crecemento da economía galega



para todas as Comunidades Autónomas españolas. A diferenza do acontecido no caso do IGE, a metodoloxía empregada no seu modelo econométrico non está accesible directamente a través da súa páxina web. Tan só indica que o conxunto de predicións rexionais están coordinadas a través dun modelo de congruencia.

Finalmente, a Asociación Centro de Predicción Económica (CEPREDE) elabora previsións mensuais de crecemento do PIB rexional para todas as comunidades a través dun método de estimación propio que incorpora un conxunto de 15 variables económicas que se aplican de xeito conxunto á totalidade do Estado encol da consecución de congruencia e harmonización nacional e tamén a escala europea.

1.2. Previsións do PIB galego para o ano 2020: Forte revisión á baixa das estimacións

As distintas análises sobre as previsións de crecemento económico para o ano 2020 caracterízanse polo elevado grao de incerteza por mor da incertidume sobre a intensidade do impacto e duración da pandemia, as medidas aprobadas de restrición de mobilidade e limitacións da actividade económica co obxectivo de frear a expansión do virus. Así, a medida que se ía coñecendo a evolución da pandemia e as medidas sanitarias e económicas adoptadas as distintas institucións e organismos estatísticos presentaban revisións á baixa das súas primeiras estimacións.

Porén, o punto de partida ten de ser unha breve referencia ás previsións realizadas antes de marzo de 2020, que se caracterizaban por presentar para ese ano unha ralentización no ritmo de crecemento do PIB, e as últimas previsións publicadas polos distintos organismos e institucións.

A Táboa 1 amosa que inicialmente a previsión máis optimista era a publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que en outubro de 2019 prevía un incremento do PIB galego para o ano 2020 do 1,9%, unha décima menos que a prevista para o ano anterior. A Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF), no seu Informe de previsións macroeconómicas do orzamento de Galicia, cualificaba esta previsión macroeconómica como "prudente" ao estar comprendida na zona media dos intervalos para o PIB. A súa previsión central de crecemento era do 2,2%, situándose o límite inferior no 1,3%.

A previsión máis prudente foi a de Ceprede, que estimaba un crecemento interanual do 1,1%, ascendendo esta estimación ata o 1,5% no caso de BBVA Research e Hispalink, que prevían unha taxa de crecemento do 1,6%.

Tendo en conta o elevado grado de incerteza e dadas as medidas aplicadas para frear a expansión do virus (extensión do confinamento, paralización das actividades non esenciais durante dúas semanas, restricións de mobilidade das persoas ou limitacións para o desenvolvemento da actividade de determinadas ramas económicas) as distintas estimacións realizadas foron corrixindo as súas previsións á baixa.

A meirande parte das análises coincidían en que a caída máis acusada produciríase no segundo trimestre do ano, iniciándose a partir dese momento un re-

Táboa 1: Estimacións de crecemento da economía galega 2020: estimacións previas á pandemia do COVID-19 e últimas previsións publicadas

	Data publicación	Estimación 2020	Data publicación	Estimación 2020
Instituto Galego de Estatistica (IGE)	Outubro 2019	1,9%	Novembro 2020	-9,7%
Airef	Outubro 2019	2,2%	Novembro 2020	-8,6%
Funcas			Decembro 2020	-11,1%
Hispalink	Xaneiro 2020	1,6%	Xullo 2020	-4,0%
BBVA Research	Marzo 2020	1,5%	Novembro 2020	-10,4%
Ceprede	Febreiro 2020	1,1%	Novembro 2020	-9,0%

Fonte: Elaboración propia. a partir das fontes referenciadas

bote de intensidade inferior á contracción da actividade, acabando o ano cun nivel de actividade significativamente inferior ao existente no cuarto trimestre do ano anterior.

Todas as Comunidades Autónomas véronse afectadas por unha contracción sen precedentes, se ben cabe mencionar a heteroxeneidade do impacto atendendo fundamentalmente á estrutura produtiva de cada territorio. Aquelas CC.AA. máis orientadas cara a sectores máis afectados polas restricións de mobilidade, como son o comercio e o turismo, tiveron unha maior caída do PIB. Asemade, as actividades industriais con maior impacto foron as de automoción, bens de equipo e bens de consumo duradeiro, e en menor medida a construción. O impacto ten sido menor na industria da alimentación e no sector primario, en tanto que nos servizos públicos, na industria farmacéutica e en maior medida a sanidade, a actividade aumentou.

Tendo en conta as estimacións publicadas nos dous últimos meses do ano, tanto Funcas como BBVA Research estiman unha caída do PIB galego superior ao 10%. Dunha banda, a análise de Funcas indica que o impacto acumulado sobre a economía galega podería ascender ata o 11,1%; doutra banda, a contracción estimada por BBVA Research ascendería ata o 10,4%. O impacto da crise tamén é substancial nas previsións do IGE, quen considera que a contracción da actividade económica de Galicia será do 9,7%, e de Ceprede, que indica eleva a caída do PIB ata o 9,0%. Unha visión máis optimista na senda esperada do PIB é a presentada pola AIReF, que no seu informe sobre as previsións recollidas nos orzamentos de Galicia recolle unha caída do PIB do 8,6%.

No devandito contexto de incerteza, o Foro Económico de Galicia, na segunda entrega da súa análise do impacto do COVID-19 na economía galega en maio de 2020, definía tres escenarios. Os dous primeiros escenarios simulados supoñían que non había un novo confinamento por mor de rebrotes do virus xeneralizados.

No primeiro deles, o proceso de recuperación era relativamente rápido e fluído,

mentres que no segundo, os rebrotes e as restricións condicionaban de xeito significativo o funcionamento normal da economía. No primeiro caso, a contracción da actividade económica galega chegaba ao 8,5% do PIB e no segundo ao 12,7%. O terceiro escenario, considerado só como hipótese, tiña como obxectivo por en evidencia o efecto demoledor que tería un segundo confinamento tras o verán, similar ao vivido no segundo trimestre do ano. Replicábase o primeiro escenario, incluíndo un confinamento adicional a final de ano cun impacto similar ao vivido, de xeito que dunha caída do PIB do -8,5% pasabamos a un -18,9%.

Os escenarios debuxados polo Foro atinaron claramente. O terceiro trimestre respostou certamente ao simulado no primeiro escenario previsto. Como ten adiantado o indicador do Foro Económico de Galicia, a inercia positiva marcou tamén outubro, pero a situación empeorou en novembro e decembro. Por iso a cifra final que se estima para o conxunto de 2020 (en torno ao -9%) achégase moito máis á cifra do escenario positivo (-8,5%) que ao negativo (-12,7%).

2- PREVISIÓNS ECONÓMICAS PARA GALICIA 2020

Trala acusada contracción da economía galega, as distintas institucións reflicten nas súas previsións para o ano 2021 unha medra da actividade económica caracterizada por unha intensidade inferior á caída do ano anterior. Como reflicte a Táboa 2, con carácter xeral todas as institucións presentan unha medra interanual superior ao 6%, correspondendo ás estimacións máis optimistas a Ceprede e o IGE, cunha taxa de variación interanual do 8,2% e 8,0%, respectivamente.

Pola súa parte, Airef presenta unha visión menos optimista ao estimar unha medra do 6,6% respecto ao ano anterior, situándose a recuperación económica no 6,2% segundo as estimacións do BBVA e do 6,0% no caso de Funcas. O crecemento máis moderado é o estimado por Hispalink, que en xullo reflectía unha medra do 4,8%.

Táboa 2: : Estimacións de crecemento da economía galega 2021

		Estimación 2021
Hispalink	Xullo 2020	4,8%
IGE	Novembro 2020	8,0%
BBVA	Novembro 2020	6,2%
Airef	Novembro 2020	6,6%
Funcas	Decembro 2020	6,0%
Ceprede	Xaneiro 2021	8,2%

Fonte: Elaboración propia. a partir das fontes referenciadas

2.1 Prospectiva de posibles escenarios do Foro Económico de Galicia

Para a simulación de posibles escenarios resultantes de COVID-19, optamos pola aplicación dun modelo dinámico de equilibrio xeral. Este modelo simula o comportamento dinámico de agregados macroeconómicos a diferentes choques a través dun conxunto de ecuacións que permite anticipar o comportamento dunha economía fronte a un choque externo que afecta a calquera das variables do modelo (unha pandemia neste caso). En concreto, a nosa referencia é o modelo de crecemento neoclásico de Kehoe e Prescott (2007) con lecer, que nos permite calcular a resposta do PIB, o investimento, o consumo e as horas traballadas á perturbación externa producida.

Os posibles escenarios deseñados para a economía de Galicia simuláronse utilizando un modelo dinámico de equilibrio xeral que anticipa a reacción dunha economía ante unha perturbación externa que afecta a algunhas das variables ou

regras de comportamento do modelo. En definitiva, trátase de anticipar a posible relación dos efectos sobre a economía coa variable ou variables que se alteran. Unha vez identificados, é necesario ver a intensidade do cambio na variable. Esta calibración adoita realizarse a partir de datos observados previamente.

As simulacións da evolución temporal do PIB están baseadas no modelo de crecemento neoclásico con lecer desenvolvido por Kehoe e Prescott (2007), onde a participación factorial está baseada nunha función Cobb-Douglas:

$$Y=A\ K^{0,3}\ L^{0,7}$$

Onde Y é produción, A é produtividade total do factor (PTF), K é stock de capital e L é o número de horas traballadas[5]. A calibración do modelo realizouse cos datos trimestrais de contabilidade rexional de Galicia proporcionados polo Instituto Galego de Estatística (IGE, 2020)[6].

O modelo calcula a resposta do PIB, o investimento, o consumo e as horas traballadas co efectos da medidas de distanciamento social e restrición da mobilidade os cales xeran un choque negativo sobre a produtividade total dos factores (PTF) motivada por cancelación de contratos e / ou caídas na facturación debido aos límites de capacidade, o distanciamento entre traballadores e / ou clientes, aumento do número de quendas, etc.

En canto á aplicación deste tipo de modelos, cómpre salientar, como sinala o Banco de España (2020), que o seu uso é menos axeitado para a descrición de desenvolvementos a curto prazo (como, por exemplo, a estimación feita na nosa primeira entrega do informe) pero, pola contra, son máis robustos para horizontes de tempo máis amplos, como se pretende aquí.

Inicialmente, simulamos dous escenarios basicamente coincidentes co traballo de estimación feito para o ano 2020. Supoñemos que, debido ás restricións de mobilidade e distanciamento social, hai unha redución das horas traballadas similar á perda de actividade: no primeiro trimestre do 7,4% e, no segundo, do 23,5%. Deste xeito, temos unha hipótese de partida que permite limitar o grao de incerteza que inevitablemente caracteriza este tipo de estimacións.

O impacto de COVID-19 no PIB per cápita da economía galega en 2021 pódese calcular empregando os efectos observados ao longo de 2020. A Táboa 3 amosa o impacto dos confinamentos sobre os tres determinantes da renda per cápita de Galicia durante os tres primeiros trimestres de 2020. Os índices de produtividade total dos factores (PTF) e de aforro da economía galega (K/Y) construíronse empregando a información publicada polo IGE nas súas "Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019" (IGE,2020). Para medir a taxa de emprego da economía galega calculouse o número de horas (per cápita) traballadas empregando os datos do IGE-INE "Consulta de poboación activa".

Os escenarios empregados nas nosas simulacións constrúense asumindo que o impacto en 2021 dos diferentes graos de confinamento sobre os fundamentos da economía galega (é dicir, sobre a restrición na asignación de horas e sobre a produtividade total dos factores) será similares aos que tiveron lugar en 2020.

Táboa 3: Impacto do confinamento na economía galega 2020				
	Y/N	Y/N Índice PTF	Índice K/Y	Horas per cápita
2019/IV	100,0	100,0	100,0	100,0
2020/I	94,6	94,6	102,4	95,8
2020/II	78,1	78,1	111,1	72,8
2020/III	92,0	92,0	103,1	95,2

Fonte: Elaboración propia. a partir das fontes referenciadas

No escenario COVID-A: restricións leves ou moderadas durante o primeiro e segundo trimestres de 2021 e pouco relevantes durante resto dos trimestres do ano. Neste escenario, suponse que a campaña de vacinación remate durante o verán e, polo tanto, os axentes prevén que a produtividade (total dos factores) da economía se recupere a partir do outono (terceiro trimestre de 2021).

No escenario COVID-B: impacto das restricións medio-alto nos dous primeiros trimestres de 2021 que se manteñen parcialmente durante o verán (3º trimestre). Neste escenario, mantense a suposición de que se espera que os axentes económicos recuperen a produtividade (factores totais) da economía a partir do outono (cuarto trimestre de 2021).

Os crecementos anuais agardados do PIB nos dous escenarios son os que aparecen na Táboa 3.

Táboa 3: Aumento do PIB. Galicia. Previsión ano 2021		
Ano	COVID A	COVID B
2021	+8,8%	+4.8%

A diferente intensidade ao longo do ano fai conveniente proxectar a súa evolución trimestral. Para este propósito, e traballando con respecto á evolución esperada do PIB, a Figura 2 amosa a recuperación da economía que se inicia en ambos casos no primeiro trimestre de 2021 crecendo cunha intensidade moderada ao longo do primeiro semestre do ano para, a partires do segundo semestre, intensificar ese crecemento (especialmente no escenario COVID-A).

Figura 2: Evolución do PIB anualizado. Galicia 2021



Nota: Base 100 = 4T 2019

Figura 3: Taxas de crecemento interanual. Galicia 2021



2.3. Extensións ás prospectivas: ¿novo confinamento? ¿execución dos fondos europeos Next Generation?

Sobre estes dous escenarios centrais, temos analizado o efecto de dous procesos posibles, un positivo e outro negativo. Dunha banda, simulamos que pasaría se no segundo trimestre de 2021 se decidise un confinamento semellante ao de marzo-abril de 2020.

Neste escenario a hipótese de traballo parte de que a economía rexistra un confinamento total durante o segundo trimestre do ano semellante ao rexistrado durante a primavera de 2020. Neste escenario, tamén se supón que a campaña de vacinación se atrasa e que, polo tanto, os axentes económicos non esperan a que a produtividade (factores totais) recupérase este ano.

Esta circunstancia levaría, fronte aos incrementos previstos nos escenarios centrais, a unha caída do PIB da economía galega en 2021 do -1,5%. Sen dúbida, garantir que non se produza este segundo bloqueo é tan importante ou máis que promover unha saída económica vigorosa do primeiro.

En sentido contrario, os escenarios da Táboa 3 non contemplan o efecto positivo xerado polos fondos NextGenerationEU, por dous motivos. Primeiro, pola incerteza encol da parte dos mesmos que se vaia executar finalmente en 2021. Segundo, pola incerteza no que atinxe á parte dos mesmos que terá impacto territorial directo en Galicia. Sen coñecer que proxectos tractores y cando serán apoiados é difícil cuantificar o seu efecto. Neste escenario de incerteza, o máis razoable ao noso xuízo é tomar como referencia os cálculos do Banco de España para a economía española[7] e supoñer que o impacto na taxa de variación do PIB de Galicia estea na media para o conxunto de España. Obviamente, aínda que o maior impacto dos fondos producirase se a aposta polos proxectos radicados en Galicia é maior, calquera impacto positivo no resto de España e mesmo da UE vainos repercutir positivamente por diferentes canles e, nomeadamente, pola vía das exportacións.

Pois ben, o Banco de España estima un impacto para 2021 que podería chegar ao +1,3% se a execución é rápida. Porén, o impacto podería ser só de +0,6% se existen retrasos significativos. Se asignamos a previsión optimista ao escenario COVID-A na Táboa 3 e a pesimista ao escenario COVID-B, o intervalo de taxas de crecemento do PIB de Galicia en 2021 abriríase dende +5,4% ata +10,1%.

Neste senso convén incidir na necesidade de afortalar, dentro da economía galega e aproveitando as necesidades manifestadas pola crise económica, as actividades industriais. Cómpre dispor dunha base sólida no que o sector indutrial, especialmente o manufactureiro, exerza de piar sobre o que se sustente a recuperación. Asemade, as estratexias de innovación, deben incrementar a súa importancia en termos cuantitativos e cualitativos. Urxe un esforzo que permita achegarse á media estatal en I+D+i, xa de por si afastada de niveis europeos. Este esforzo pode concretarse na recomendación feita polo Foro de maiores partidas de gasto nestas actividades, identificación dos sectores de futuro máis acaídos para o progreso científicotecnolóxico de Galicia, implicación do sector empresarial privado e reordenación do sistema de innovación galego para que os diferentes centros, plataformas e clusters poidan establecer estratexias colaborativas.

7. Poden consultarse estes cálculos no seguinte enlace:
https://www.bde.es/f/webbde/SES/AnalisisEconomico/AnalisisEconomico/ProyeccionesMacroeconomicas/ficheros/be11122020-proy.pdf

3- REFERENCIAS

3.1 BIBLIOGRAFÍA

Banco de España (2020) "Escenarios macroeconómicos de referencia para la economía española tras el COVID-19", Artículos analíticos, Boletín estadístico 2/2020. Disponible en: https://www.bde.es/bde/p/3a5cf690ed591710VgnVCM10000064de14acRCRD/ebbde/GAP/informacion-embargada/be2002-art1.pdf

González Laxe, F.; Armesto Pina, J.F.; Lago Peñas, S; Sánchez Fernández, P. (2015): Indicador Foro de Conxuntura Económica De Galicia. Nota Técnica. Foro Económico de Galicia.

IGE (2020). "Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2019". Instituto Galego de Estatística. Disponible en: https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=es&codigo=0307007002

IGE-INE (2020). Enquisa de poboación activa. Dispoñible en: https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=es&codigo=0204031014

Kehoe, T.J y Prescott, E.C. (2007). "Great depressions of the twentieth century," Monograph, Federal Reserve Bank of Minneapolis, number 2007.

Kubiszewski, I., Costanza, R., Franco, C., Lawn, P., Talberth, J., Jackson, T.,; Aylmer, C. (2013). "Beyond GDP: Measuring and achieving global genuine progress". Ecological Economics, 93, 57-68.

Sánchez, P.; Prada, A. (2015): "Del concepto de crecimiento económico al de desarrollo de las naciones: una aplicación a la Unión Europea". Revista de Economía Mundial, nº 40, pp. 221-252.

3.2. PÁXINAS WEB

AIReF: http://www.airef.es/
BBVA Research: https://www.bbvaresearch.com/
Ceprede: http://www.ceprede.es/
Foro Económico de Galicia: http://foroeconomicodegalicia.es/
Funcas: http://www.funcas.es/
Hispalink Galicia: http://www.hispalink.es/galicia/
Instituto Galego de Estatística: https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl
Instituto Nacional de Estadística: http://ine.es/

SOCIOS

//ABANCA	ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR	Casal de Armán
civisglobal construimos entorno	COREN	CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Domusvi Cuidamos personas en buena compañía	Galuresa Algo más que gasolineras	Hierros AÑÓN, S.A.
HIJOS DE RIVERA, S.L. CORPORACIÓN	JEALSA	MEGASA
Naturgy	Grupo Nogar	PÉREZ RUMBAO
ReVi	Rodiñas	Rodman
CONSORCIO ZONA FRANCA VIGO	Grupo de investigación GEN Universidade Vigo	

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento das universidades e empresas galegas á sociedade. Está integrada por máis de 60 profesores e investigadores das tres universidades galegas, empresarios, directivos e xornalistas especializados en divulgación económica.

Foro económico de Galicia

PREVISIÓNS DE CRECEMENTO PARA A ECONOMÍA GALEGA

PIB de Galicia ano 2021

Santiago Lago Peñas
José Francisco Armesto Pina
José María Da Rocha Álvarez
Fernando González Laxe
Patricio Sánchez Fernández

www.foroeconomicodegalicia.es